

## 1994, tempos de medrío e boa saúde na poesía

**Helena González Fernández**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [1995]). “1994, tempos de medrío e boa saúde na poesía”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1994, 167-172. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1524>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (1995). “1994, tempos de medrío e boa saúde na poesía”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1994, 167-172.

\* Edición dispoñíbel desde o 7 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## 1994, tempos de medrío e boa saúde na poesía

---

*Helena González Fernández*

Antes de entrarmos na análise da produción poética do ano, cómpre subliñar un dato: en 1994 multiplicouse por dous a publicación de libros de poesía en Galicia respecto do ano anterior (e non incluímos nesta contaxe as reedicións e edicións críticas). O dato é de grande importancia, e máis aínda se temos tamén en conta os atrancos cos que se atopan os autores ou os editores. A poesía, no que toca á publicación, promoción e venda non se rexe polas mesmas regras que gobernan a narrativa recente pois non adoita pasar polas aulas coma lectura obrigada, non é un xénero de maiorías nin recibe, en canto que produto editorial, o mesmo trato á hora da promoción. Sen embargo, este ano aumenta o número de libros publicados dentro do xénero, hai unha maior heteroxeneidade de liñas poéticas (debida en grande medida á aposta plural de Espiral Maior e ás propostas contracorrente da colección Di-versos de Edicións Positivas) e atopamos obras de calidade. E aínda hai máis. Tomen boa nota do dato: case a metade da produción do ano 1994 leva o mesmo selo, o de Edicións Espiral Maior.

Por outra banda, os premios poéticos de certa entidade, que viñan sendo os que abrían as portas do prelo ós autores inéditos e mais ás propostas innovadoras, foron contados e, sobre todo, minguaron en interese, pois este ano resultaron galardoados poemarios pouco arriscados que non modifican nin viran as tornas do panorama poético actual. Endebén, a súa función asumírona as editoriais. Elas foron as que decidiron correr o risco de abandeirar poemarios diferentes, renovadores ou, simplemente, inconformistas. Este cambio de funcións constitúe un interesante sinal de normalización do discurso literario galego pero, para que se convirta nun fenómeno significativo, cómpre que acade unha boa resposta entre

un público cada vez maior e máis variado. E, polo de agora, esa resposta é ben cativa.

Os premios sobranceiros e con certa tradición (a falta de publicarse o Miguel González Garcés no momento de escribir esta panorámica), deron en escoller textos interesantes e sólidos pero que non aportan ningunha novidade alén da traxectoria persoal dos autores, provistos xa de antigas e ben provistas alforxas poéticas. Así, o XIII Premio Esquíu apostou polo erotismo nun libro de Xesús Rábade Paredes, *Poldros de música* (col. Esquíu), quen tamén escribiu, xunto con Helena Villar Janeiro os textos do libro *Cabeleira de pedra* (Consortio de Santiago / Galaxia). Nel recunca no binomio *Matria-Terra* que atopabamos na súa obra inmediatamente anterior, pero abordándoo desde unha perspectiva menos telúrica. O poemario, dividido en tres partes (*Preludio, Presencia e Para despois*) acode a imaxes e metáforas tópicas para artellar unha nova proposta de xeografía amorosa, que semella ser un recurso inevitable cando se pretende abondar na temática erótica desde o discurso poético. Mentres que o III Premio Martín Codax, foi outorgado a Darío Xohán Cabana polo libro de sonetos *Canta de cerca a morte* (Galaxia). A súa é a proposta classicista e formalista entendida con completa rigorosidade. Poucos coma el manexan o soneto. Iso xa o sabíamos antes de que aparecese este libro, no que aposta pola vía do intimismo e o ton testemuñal para reflexionar sobre tópicos universais: a morte, o amor (que é moitas veces fermoso erotismo) e a Patria (en xogo constante coa elexía ó pai morto e a volta á infancia).

No que toca a aqueloutros certames que teñen vocación de facer abrollar novos autores, atopamos voces interesantes e prometedoras que discorren por camiños xa abertos. Así, o II Premio de Poesía Espiral Maior, recaeu en Martín Veiga (que tamén foi premiado no I Certame Xacobeo), polo seu libro *As últimas ruínas* (Espiral Maior), un bo poemario decadentista e crepuscular, moi do gusto da década pasada. Pola súa banda, o V Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón foi para un libro de poemas de amor, *Asoladamente, o teu nome* (Castro), de Palmira Boullosa, gobernado polo ton testemuñal e o vitalismo pero de corte clásico e ben afastado da poesía da outredade que agora governa a literatura feminina e que, pola contra, si atopamos no poemario gañador do II Premio de Poesía Fermín Bouza Brey, *Flor de tan mal xardín* (Espiral Maior), de Isolda Santiago. Dalgún xeito, prémiase con este libro unha proposta poética marxinal, a que están a seguir algunhas mulleres que apostan pola creación dunha linguaxe feminina, renovada e comprometida. Sen dúbida, este foi o premio de máis interese.

Con algún retraso publicouse este ano o XIII Premio Cidade de Ourense 1992, *Estación sur* (Concello de Ourense), de Xosé Carlos Caneiro, moito máis coñecido polo seu labor narrativo. Na súa incursión na poesía ofrécenos de novo a ironía, as referencias urbanas e mais o continuo xogo na fronteira do xénero. Con todos estes ingredientes dálle corpo a un poemario no que os textos en verso están precedidos por unha nota en prosa que fai ás veces de resumo, de apuntamento contextualizador e mesmo de fio de unión entre os poemas.

Mais, vaíamos ó miolo. Por suposto, cando só se pode avaliar a produción dun ano e a penas se ten perspectiva, a palabra heteroxeneidade semella un comodín moi dúctil e polivalente, pero, mesmo asumindo os devanditos riscos, coido que este termo explica axeitadamente a situación actual. Sen embargo, poderíamos arriscar a debuxar o panorama poético do ano con a penas uns cantos trazos. No punto áureo atoparíamos, sen ningunha dúbida un poemario, o

agardado *Estirpe* (Xerais) de Méndez Ferrín, quen reaparece cunha obra ambiciosa, de feitura moi persoal e que chegou lastrando a aureola renovadora e refrescante que acompañara o seu poemario anterior, o xa mítico *Con pólvora e magnolias* (1976). O resto da lámina iríamos enchendo coa poesía de compromiso feminista, que se consolida e gaña forza (Chus Pato, Isolda Santiago e Ana Romaní), as propostas intimistas e de reivindicación do miúdo (Antonio Domínguez Rey, Luís Rei Núñez, Pilar Cibreiro, Xavier Seoane, Miguel Sande), aquelas outras voces coñecidas que recuncan no xénero (Arcadio López-Casanova, os premiados Darío Xohán Cabana e Rábade Paredes, ou dous poetas algo máis novos pero de indiscutible calidade, Xosé María Álvarez Cáccamo e Miguel Anxo Fernán-Vello) e mais as propostas renovadoras e/ou subversivas de desigual feitura que nos ofrecen o grupo Ronseltz, Manuel Outeiriño, Xosé Carlos Caneiro, Xavier Santiago e Antón Reixa.

O ano 1994 encheuse de expectativas pola reaparición dalgúns poetas que logo dalgúns anos en silencio ou concentrados noutros eidos, nomeadamente o da narrativa, tornaban ás congostras da poesía. López-Casanova e Méndez Ferrín, cadaquén cunha proposta estética e ética ben diferente, conseguiron pulir unha voz que os identifica e que mesmo os converteu en mito. A eles se lles atribuíu parte da eclosión renovadora da segunda metade dos anos setenta, xa que logo, a altura da obra anterior e mais o longo silencio daban motivos abondos para esperar con ansiedade os seus novos libros. Arcadio López-Casanova, quen publicou logo de once anos de silencio poético na nosa lingua *A noite do degaro* (Galaxia), reaparece cun libro formalista, metapoético, hermético e críptico, concebido como unha elaborada arquitectura simbólica. Volve retomar a idea do poema polifónico ou poema-drama que xa aparecera nos seus últimos libros como un xeito de xogo interxenérico que retorna ó cerne do drama clásico, no que o mito e o símbolo servían como vía de coñecemento.

Pero, sen dúbida ningunha, foi *Estirpe* (Xerais), de Xosé Luís Méndez Ferrín o libro que espertou máis expectación. O seu é un texto cargado de compromiso, un texto poético con vontade épica, un delongado percorrido pola (intra)historia de Galicia desde unha perspectiva ideolóxica militante, sen ningún reparo en deterse en acontecementos sociais e en posturas políticas que *a priori* parecen máis axeitadas para a crónica de sucesos ou das páxinas de actualidade que para o discurso literario. No seu poemario calla unha aposta poética plenamente comprometida e fermosa e no que atopamos unha linguaxe nova, desprovista de tópicos, o cal non lle impide rendirlle a unha grande parte da literatura universal (o máis rechamante é o novo uso do verso rosaliano “miña casaña, meu lar”, abondo coñecido, que se acomoda a un novo contexto e serve como berro de protesta dunha mostra da inxusticia da Galicia actual) nin a algúns dos alicerces do pensamento galeguista (coma o celtismo, a recuperación de don García e Prisciliano, Risco...). Estamos perante un poemario concibido desde a antimoda, porque fronte ó marcado individualismo que caracteriza a poesía recente, Méndez Ferrín reacciona conforme a liña de escrita ética que caracteriza toda a súa traxectoria, facendo do colectivo o protagonista dos seus poemas. O xogo dialéctico entre pasado e presente e mais a aparencia lendaria están ó servizo da ideoloxización, nun intento de concienciar ó lector.

Pouco queda do esteticismo, do culturalismo ou do venecianismo que gobernaban os anos oitenta. A súa agonía viñémola observando nestes últimos anos. A penas sobreviven aqueles que souberon delimitar con mestría as extremas da súa arte, aqueles que souberon labrar no seu laboratorio seguindo receitas e fórmulas maxistras que foron teimosamente elaboradas e depuradas. Serían, por poñer só

nomes que aparecen este ano, Xosé María Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello ou, discorrendo por unha liña diferente, Xesús Rábade Paredes. O primeiro, tan bo escritor coma crítico, ofreceunos este ano dous novos tixolos cos que o lector terá que ir compoñendo o grande universo poético que nos presenta, pois, cada vez máis, cómpre concibir a obra de Cáccamo na súa totalidade. Por unha banda, *De mañá que medo. (Tristura e paixón en Compostela)* (Laivento), un poemario breve no que de novo vira a súa atención cara ó pasado, cara á memoria. Pola outra, *Colección de espellos* (Espiral Maior), onde recolle textos de diversa factura e temática. Aquí atopamos prosa, verso, simbolismo e unha sintaxe transparente que nos achega novos retallos da súa infancia, o amor e o erotismo, a denuncia e varios textos de homenaxe. Miguel Anxo Fernán-Vello, que governa con siso as Edicións Espiral Maior, publica na súa editorial *Poemas da lenta nudez*. Trátase tamén, dunha selección de textos onde outra volta atopamos os elementos que veñen caracterizando a súa escrita.

Se seguimos axecendo no grupo dos autores moi coñecidos que recuncan este ano, atoparemos o último libro de Uxío Novoneyra, *Poemas da doada certeza i Este brillo premido entre as pálpebras* (Espiral Maior), no que volve aparecer a natureza, o elemento mítico e algúns poemas caligráficos; ou Manuel María, cun novo poemario paisaxístico, *Poemas para dicirlle a dúas lagoas* (Espiral Maior). E aínda cumpriría sinalar a recuperación e ordenación dalgúns textos importantes como a obra poética de Vicente Risco feita por Carlos L. Bernárdez (*A emoción da terra*, Espiral Maior), que nos permitirá ter reunidos todos os seus textos poéticos (por máis que algúns semellan máis ben xogos), a antoloxía de Neira Vilas, *Poesía recadada* (Espiral Maior) e mais a de Pura Vázquez, *A carón de min* (Xunta de Galicia).

No eido da nova poesía de muller atopamos poemarios ben diferentes entre si, aínda que todos parten dunha mesma postura comprometida perante a literatura. É a poesía da outredade, empeñada na reapropiación de mitos e tópicos que só foron explotados desde o punto de vista masculino, e, sobre todo, fuxir desa poesía sentimentalista e testemuñal que pexa a tradición literaria feminina. É poesía escrita para a conciencia e a rebelión, co obxectivo de construír un discurso novo, combatente e mesmo subversivo. Iso é o que fai Chus Pato en *Heloísa* (Espiral Maior). Artella un elaborado texto narrativo no que se van superpoñendo e mesturando caoticamente códigos, símbolos, elementos e referencias de procedencia ben diversa (a literatura, os contos, o mundo cabalístico...) e no que hai unha heroína nada convencional, unha heroína que se arrepción ó que parece ser o seu destino. Seguindo estas mesmas rotas, pero cunha linguaxe menos críptica, temos a xa mencionada Isolda Santiago, con *Flor de tan mal xardín*, que emprega técnicas moi semellantes e persegue os mesmos obxectivos estéticos e ideolóxicos, sen embargo, a diferenza de Chus Pato, elabora un discurso moito máis accesible, cun vocabulario menos rebuscado. Outra voz certamente interesante por contida e cargada de emoción é a de Ana Romani, autora de *Das últimas mareas* (Espiral Maior) quen recorre ó ton intimista para darlle unha reviravolta intelixente e desencantada ó mito de Penélope, un mito típico da literatura feminina. Literatura militante pero que comove ó lector.

A ese ton intimista tamén acode Pilar Cibreiro, quen reaparece co seu segundo libro, *Feitura de lume* (Sotelo Blanco). Nel aparece o verso espido, case sen máis roupaxe que o desexo de mover á emoción desde a contemplación evocadora do miúdo, da captación do instante, do inaprensible e da esencia a partir da contemplación da natureza, desprovisto de calquera vestixio de militancia feminina e social.

Por esta mesma vía camiñan tamén os poemarios de Antonio Domínguez Rey, Luís Rei Núñez e Xavier Seoane, preferindo unha volta á poesía sincera, máis achegada á vontade testemuñal cá das sucesivas ficcionalizacións do eu poético que atopamos noutros poemarios máis épicos. Domínguez Rey, que publicara o seu primeiro libro en galego, *Fendas*, hai tres anos, aparece de novo con *Eidos da mirada* (Espiral Maior). Un libro no que a natureza galega aparece en todo o seu esplendor e se pescuda no ser humano desde a contemplación. Quizais este sexa o mellor dos poemarios que apareceron este ano dentro deste camiño do intimismo pois a linguaxe está ó servizo do coñecemento e da súa propia emoción. O libro está estruturado en tres partes: “O mundo nas palabras”, “Pole e celme da noite” e “O camiño”. Son textos moi pulidos, cunha linguaxe depurada e voluntariamente sinxela, gobernados pola tensión progresiva que acada o seu punto álxido ó final e que, na terceira parte, “O camiño”, están dominados pola brevidade, o que fai que a condensación dos versos lles dea a contundencia das máximas.

Con presupostos semellantes escriben Xavier Seoane, autor de *Eu tamén oín as voces do orvallo* (Bahia), concéntrándose no aspecto máis elemental da natureza, e Miguel Sande *A palabra soterrada. (Apuntes do deserto)* (Espiral Maior), un poeta que non fora abondo apreciado no seu primeiro libro, *A traxectoria caótica do péndulo* (1990), e que volveu este ano cunha proposta menos rupturista, na que recolle as súas impresións desde a contemplación do deserto africano, organizadas, simbolicamente, ó longo dun día.

*A casa da brétema* (Espiral Maior), de Luís Rei Núñez, sen renunciar ó intimismo dos poetas anteriores permítese levar o verso ó comareiro da narrativa. O libro posúe o encanto de procurar ó mesmo tempo a fermosura estética e mais a emoción do lector, que se vai implicando no texto, facendo parte del. Xorde expresamente como unha alternativa ó que chama o “verso pirotécnico” e para iso recorre ás veces ó poema narrativo (nomeadamente na primeira parte, “Onde paran as horas”), onde a voz poética vira a atención cara á memoria, a infancia, a soidade e o interior de onde xorde un Robinson. Mención á parte merece a terceira parte do libro, “Carreira de antorchas”, onde agrupa os textos de homenaxe a outros escritores (incluso a un “Fulano de Tal”, que non é máis ca un retrato futuro do propio autor) e no que o lector terá que ir descubriendo –coma nun xogo divertido– o nome de cada un dos personaxes.

Ben diferentes son as propostas concibidas a contracorrente. Trátase de poesía que gusta de experimentar coas posibilidades expresivas do código, con fins ben diferentes pero que teñen como característica común ofrecer novas vías á poesía, alonxada dos tópicos venecianistas, do formalismo, e, nalgúns casos, da falta de compromiso ético da escrita. Ben é certo que non todos acadan os mesmos resultados, pero o que si teñen en común é o desexo de procurar novos aires para o xénero e en moitos deles a ironía, a sátira e a transgresión dalgúns lugares comúns son os elementos empregados para fabricar esta poesía revulsiva, cando non contestataria. Así, mentres algúns prefiren construír propostas elaboradas, cargadas de ironía (como a descontextualización das referencias culturalistas e mais da metapoesía) para recuperar unha linguaxe poética depurada, libre dos tópicos e dos recursos gastos. Son propostas que nacen na fronteira do convencional co malditismo, como Manuel Outeiriño, co seu *Depósito de espantos* (Positivas) e, nunha liña moito máis moderada o poemario xa mencionado de Xosé Carlos Caneiro; ou desde o xogo e a arroutada, como fan Xavier Santiago e mais o Colectivo Ronseltz. Atento á linguaxe publicitaria e ás técnicas da linguaxe audiovisual, Xavier Santiago,

en *Derrapa e cai* (Sotelo Blanco), fai un retrato crítico e divertido da sociedade actual partindo dunha anécdota intrascendente. Pola súa banda, o Colectivo Ronseltz, formada por Xoán C. Rodríguez, Sérxio Iglesias, Miguel A. Montes, Manuel Cortés e Xabier Cordal (quen en 1992 publicaba o seu primeiro libro), recolle unha selección dos seus textos en *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (Positivas). Trátase dunha grande arroutada metaliteraria que ten como principal obxecto de crítica a poesía convencional. Cómpre sinalar dentro deste apartado a recopilación de todos os textos que escribiu Antón Reixa para o seu grupo musical, *Os Resentidos*, co título *Viva Galicia Beibe* (Positivas) e que, alén da súa función musical, nos ofrece unha visión global do traballo poético deste autor, pois a súa faceta literaria e a súa faceta musical ían intimamente unidas.

Este ano tamén apareceron varios libros colectivos que cómpre sinalar. En primeiro lugar, os que recollen os textos premiados en dous certames, onde atopamos máis voces consagradas ca poetas novos. Así, no *Primeiro Certame Xacobeo de Poesía* (Xunta de Galicia), onde aparecen os textos premiados e os accésits deste concurso, están nomes ben coñecidos da poesía galega (Fernán-Vello, Paulino Vázquez, Rábade Paredes ou Luz Pozo Garza, amais dun sorprendente Xesús Alonso Montero con roupaxe de poeta satírico ó xeito medieval) e un xove poeta, do que xa falamos, Martín Veiga. Mentres que no *Certame "Rosalía de Castro" de poesía en lingua galega* (A.C.G. Rosalía de Castro / Sotelo Blanco), máis modesto na súa dotación económica, podemos atopar moitas máis voces noyas aínda que tamén aparecen dous poetas consagrados, Darío Xohán Cabana e Fiz Vergara Vilariño. Pola súa banda, o Grupo Alén, formado por algúns poetas de diversas xeracións (sen dúbida, a máis coñecida é Chus Pato), que só teñen en común o feito de teren nacido en Ourense, é o promotor do libro colectivo *Poesía dos Aléns* (Grupo Dolmen), onde atopamos textos de poetas ourensáns e portugueses.

E aínda cumpriría sinalar nesta panorámica aqueloutras voces novas que apareceron este ano e poden callar en libros sucesivos. En primeiro lugar, Arturo L. Regueiro, autor de *Cartografía* (col. "Esquíu"). Nel recunca no tópico da viaxe para recuperar a memoria da súa xeración, poñendo, no recanto reservado para as citas doutros autores, retallos de cancións de Leonard Cohen, Fleetwood Mac, Van Morrison ou Tom Waits. E tamén Xosé Pablo Bayo, quen se dá a coñecer cun poemario paisaxista, *Tempo de chover* (Espiral Maior), co que en certo xeito recolle o testemuño dun estilo de poesía da que estaba a termar Novoneyra.

Xa que logo, contra vento e marea, a poesía galega deu nestes últimos doce meses un chimpio arriscado e merecedor de toda gabanza. Volven á poesía voces sólidas logo de moito tempo de silencio, agroma con forza a poesía feminina concienciada e que reconstrúe un mundo mítico propio, cada vez son máis os autores que abandonan os camiños da ficcionalización da voz poética para percorrer as canellas do intimismo (sen que por iso esteamos necesariamente diante dunha volta ó ton testemuñal) e xorden voces novas dispostas a revirar con ironía e humor o discurso poético recente.

Estamos perante un panorama esperanzador, ricaz e dinámico, pois, como vimos de ver, o aumento no número de libros publicados correspóndese cunha maior variedade de propostas poéticas e estas, ó seu tempo, callan en obras de grande interese. Só falta que se peche o círculo e que os nosos poetas atopen lector.